



De xaneiro de 2023 a xullo de 2024 a media mensual de consumo de datos móbiles en Galicia pasou de 9,6 a máis de 14 xigas por liña, segundo o último estudo de R entre os seus clientes/as

R revela que a poboación de Galicia multiplica case por catro o consumo de datos móbiles dende 2020

- *A análise do operador galego baséase no uso de datos das súas preto de 400.000 liñas móbiles e outras do grupo MASORANGE en Galicia.*
- *A proliferación de contidos audiovisuais en redes sociais e webs favoreceu este incremento do consumo de datos, incentivado tamén pola mellora en calidade e cobertura dos servizos móbiles e pola xeneralización do 5G.*
- *Ademais do aumento sensible do tráfico de datos, as chamadas en mobilidade medraron un 28 % no mesmo período en Galicia.*
- *Na actualidade máis da metade dos/as clientes/as de R dispoñen de xigas sen límite nos seus móbiles con 5G fronte ao 11 % que representaba ese grupo de usuarios/as en 2020.*

Xoves, 12 de setembro de 2024.- O operador galego revisou a evolución recente e a situación actual do consumo de xigas en mobilidade en Galicia baseándose no uso de datos das liñas móbiles de R, preto de 400.000, e doutras marcas do Grupo MASORANGE no territorio.

A análise revela que o tráfico de datos na comunidade no último ano e medio pasou dos 9,6 xigas de xaneiro de 2023 aos 14 xigas de xullo de 2024. E así, a media mensual neste período supera os **13,3 xigas por liña**, o que representa unhas **3,6 veces o consumo de hai catro anos**, aínda cando a pandemia disparara a cifra daquela, chegando entón aos 3,7 xigas mensuais de media.

Moito audiovisual + 5G + calidade e cobertura óptimas

Estudos recentes coinciden en que as **redes sociais** e as reproducións en **streaming** concentran actualmente o groso do **consumo de contido audiovisual**, quer para usuarios/as, quer para marcas. Esta tendencia foi en ascenso, transformando o xeito no que se consome e se produce información e entretemento, non só en canles fixas, senón tamén en mobilidade.

Nos *smartphones* levamos a nosa banca persoal, axenda, televisión e ordenador con arquivos, correos, redes sociais... e un longo etcétera de aplicacións de todo tipo. E considerando que os microvídeos ou as retransmisións en directo e máis en *streaming* implican un elevado consumo de datos, non é de estrañar **que cada vez se utilicen máis xigas mensualmente** no territorio, tendencia compartida dentro e fóra das fronteiras de Galicia e de España. Trátase dunha nova maneira de uso das telecomunicacións que vai a máis e evoluciona rapidísimamente.

Por outra banda, a mellora da **calidade do servizo e a irrupción do 5G** como tecnoloxía de inxentes posibilidades favoreceron tamén que aumentase o número de persoas dispostas a consumir grandes cantidades de datos en mobilidade para cubriren as súas necesidades cotiás; entre outras cousas porque o seu terminal móbil xa está preparado para satisfacelas de principio a fin en calquera momento e lugar.

Deste xeito, **R** chega xa con 5G ao 90 % do territorio galego e aumenta o número de recunchos da comunidade que gozan desta tecnoloxía avanzada tanto para móbiles como para dispor de alta velocidade nos seus servizos fixos cun sistema de quinta xeración alí onde a solución idónea da fibra non pode chegar. <https://mundo-r.com/tarifas/internet-rural-galicia>

As chamadas de voz en mobilidade tamén medran

Lonxe de diminuír ou só de manterse, o número de chamadas móbiles realizadas medra **preto dun 28 %**, ao pasar de 170 chamadas mensuais por liña en xaneiro de 2023 a 217 en xullo de 2024, mes que bate a marca en consumo de voz do período.

Así, a media mensual de chamadas sitúase nas **191 por liña** e a duración media de cada unha delas supera lixeiramente os **2 minutos**.

Venda de *smartphones* e picos estacionais

Logo do *boom* da venda de móbiles dos últimos anos, as estatísticas reflicten en 2023 un descenso na comercialización de terminais, sobre todo provocado pola inestabilidade xeopolítica e a incerteza inherentes ás guerras, factores que repercutiron na industria tecnolóxica.

A pesar diso, **R** detecta en Galicia un **incremento da venda de teléfonos móbiles do 10 %** no último ano, o que revela de novo o dinamismo deste mercado en Galicia e o progresivo equipamento e acceso da poboación galega ás novas tecnoloxías.

O estudo de **R** amosa tamén picos estacionais asociados **ao aumento do consumo de datos** xeralmente **a partir de primavera e de cara ao verán**, momentos de maior mobilidade da poboación fóra dos seus domicilios.

Como consecuencia deste aumento sensible do uso de datos móbiles increméntase paralelamente a demanda de tarifas de datos ilimitados nos últimos anos. De feito, na actualidade **máis da metade dos/as clientes/as de R dispoñen de xigas sen límite nos seus móbiles con 5G** fronte ao 11 % que representaba ese grupo de usuarios/as en 2020. E espérase que a porcentaxe acade o 65 % cando remate este ano.

En definitiva, o uso de Internet avanzado no móbil en Galicia segue abríndose ano tras ano a máis persoas. Púxose en marcha unha moi boa maneira de democratizar o servizo para que a maior parte da poboación teña acceso a tecnoloxías de última xeración tamén en mobilidade.

